

| | | | |
|----|--------------|---|--|
| 1 | CC. NATURAIS | Nomea as tres capas principais que estruturan a terra | Codia, manto e núcleo |
| 2 | MATEMÁTICAS | ¿ Que número racional dos seguintes non é enteiro? | a)2 b)4/2 c)4/5 d)-21/7 |
| 3 | DEPORTES | Que calidade física básica se caracteriza por permitir realizar un traballo prolongado, retrasando ou soportando a fatiga? | A RESISTENCIA |
| 4 | GALIZA | Cal é o nome do monte no que se produciu a (hipotética) derradeira batalla entre os castrexos e os romanos? | a) Monte Aloia; b) Monte Gaiás; C) MONTE MEDULIO ; d) Monte Furado |
| 5 | XEOGRAFÍA | VERDADEIRO OU FALSO: Os factores físicos que afectan á paisaxe agrícola son: O clima, o relevo e o solo: | VERDADEIRO |
| 6 | GALEGO | Que recurso semántico se atopa na oración: "Encántame o caldo, onte ceei tres pratos." | a) METONIMIA ; b) metáfora; c) hipérbole; d) análepse |
| 7 | CC. NATURAIS | ¿De que outro xeito podemos referirnos á codia continental? | Granítica |
| 8 | GALIZA | Con que nome popular se coñecen os dolmens en Galiza? | A) MÁMOAS ; b) Trísqueles; c) Montañas; d) Penedos |
| 9 | MATEMÁTICAS | Calcula 3/7X2/6. Simplifica se é posible | 3/7X2/6=6/42=1/7 |
| 10 | DEPORTES | Que capacidade física é máis importante para un contorsionista? | A FLEXIBILIDADE |
| 11 | GALIZA | Que é o teixo? | A) UNHA ÁRBORE ; b) Un animal dos humedais; c) O material co que se fan as tellas; d) Ningunha delas é correcta |
| 12 | XEOGRAFÍA | Os factores humanos que inflúen na paisaxe agrícola son: | a) O volume da poboación, as técnicas agrícolas e a estrutura económica ; b) O tamaño da poboación, os costumes e a relixión; c) A idade da poboación e a distribución por sexos; d)Ningunha é correcta |
| 13 | GALEGO | Cales son os coñecidos coma "Séculos Escuros" na evolución da lingua galega? | SÉCULOS XV, XVI, XVII |
| 14 | CC. NATURAIS | ¿ Que dúas clases de zonas se distinguen dentro da codia continental | Cratones e oróxenos |
| 15 | GALIZA | Como se chama o fenómeno cultural prehistórico caracterizado pola realización de construcións arquitectónicas con grandes bloques de pedra? | Megalitismo |
| 16 | MATEMÁTICAS | Escribe o seguinte número en forma fraccionaria 1,35000.Simplifica se é posible | 135/100=1/7 |
| 17 | DEPORTES | Que tipo de fibras musculares predominan nos traballos de resistencia? | AS FIBRAS VERMELLAS |
| 18 | GALIZA | Que nome colectivo fai referencia a un conxunto de teixos? | Teixido |
| 19 | XEOGRAFÍA | Como se chama o tipo de propiedade agrícola típica de Galiza, caracterizada polas súas reducidas dimensións? | MINIFUNDIO |
| 20 | GALEGO | Cal de estes tipos de cantigas non existen na literatura galega medieval: | A) Cantigas de amor; B) cantigas de escarnio C) CANTIGAS DE VENDIMA |
| 21 | CC. NATURAIS | ¿Cal é o nome que recibe o equilibrio hidrostático que existe entre a codia e o manto? | Isostasia |
| 22 | GALIZA | De que época son as mámoas? | A) NEOLÍTICO (FAI MÁIS DE 5000 ANOS) ; b) Castrexa (Fai 2600-2000 anos); c) Romana (Fai case 2000 anos); d) Sueva (Fai 1500 - 1600 anos) |
| 23 | MATEMÁTICAS | Unha fracción é propia cando o seu numerador é menor que o denominador, verdadeiro ou falso | VERDADEIRO |
| 24 | DEPORTES | Que tipo de resistencia emprega o O ₂ como principal fonte de enerxía? | RESISTENCIA AERÓBICA |
| 25 | GALIZA | Cal é o nome completo de Castelao? | A) ALFONSO DANIEL ; b) Daniel Rodrigo; c) Celso Emilio; d) Daniel Alexandre |
| 26 | XEOGRAFÍA | A silvicultura é a explotación económica dos bosques, cales son as dúas especies arbóreas máis comúns en Galiza nestas explotacións? | O EUCALIPTO E O PIÑEIRO |
| 27 | GALEGO | Que é un guindastre? | a) UNHA MÁQUINA EMPREGADA PARA MOVER CARGAS ELEVADAS b) Unha ponte levadiza; c) Un compoñente dun equipo informático; d) Un aparello de labranza feito en madeira |
| 28 | CC. NATURAIS | Cal é a palabra que define a agrupación de tódolos continentes? | Panxea |
| 29 | GALIZA | Que nome reciben as representacións gráficas feitas sobre a pedra da arte rupestre? | Petróglifos |
| 30 | MATEMÁTICAS | Dicimos que o número decimal 2,166 é periódico puro, verdadeiro ou falso | FALSO |
| 31 | DEPORTES | En cal destas modalidades será máis determinante ter unha boa resistencia física? | A) hípica; b) boxeo ; c) tiro con arco; d) lanzamento de peso |
| 32 | GALIZA | En que ano se redactou o primeiro Estatuto Autonómico de Galiza; | A) 1936 ; b) 1981; c) 1800; d) 1812 |
| 33 | XEOGRAFÍA | O tipo de gandería máis importante en Galiza é: | a) Ovino; b) Equino; c) BOVINO ; d) Caprino |
| 34 | GALEGO | Que é unha padiola? | a) Unha ave mariña; b) Unha enfermidade tropical; c) UN LEITO PORTÁTIL PARA O TRASLADO DE ENFERMOS OU FERIDOS ; d) Un aparello da pesca de baixura |
| 35 | CC. NATURAIS | Son estas as principais placas da terra? Euroasiática, americana, africana, indoaustraliana, antártica e pacífica | si |
| 36 | GALIZA | Cal é a época máis representativa da arte rupestre galega? | a) Época Castrexa (sV a.C-s.II d.C); b) Idade Media (S.V. - s. XV); c) Época romana (s. I a.C- s IV); D) IDADE DE BRONCE (II MILENIO A.C.) |
| 37 | MATEMÁTICAS | Redondea 5430 ás centeas | 5400 |
| 38 | DEPORTES | Que tipo de resistencia predomina en esforzos dunha duración entre 8 e 12 min? | A) Resistencia Aeróbica ; b) Resisitencia Antiaeróbica; c) Resistencia Anaeróbica _Láctica; d) Resistencia electrolítica |
| 39 | GALIZA | Con que elemento vexetal se suicidaron os castrexos resitentes no Monte Medulio, ante o asedio das tropas romanas? | A) FROITO DO TEIXO ; b) Flor de toxo; c) Infusión de ortigas; d) Raiz de carballo |
| 40 | XEOGRAFÍA | Que nome reciben os recursos naturais que utilizan as industrias para fabricar produtos elaborados? | MATERIAS PRIMAS |
| 41 | GALEGO | Onde te mancas cando tes unha escordadura de nocello? | a) na man; b) NO PÉ c) no ombreiro;d) nas costas |

| | | | |
|----|--------------|--|--|
| 42 | CC. NATURAIS | Cita os tres tipos de volcáns que existen | Volcáns de zonas de distensión, de comprensión e volcáns de puntos quentes |
| 43 | GALIZA | Que nome reciben os poboados típicos da Galiza da Idade de Ferro, caracterizados polas súas construcións redondeadas e concentradas dentro dunha muralla? | Castros |
| 44 | MATEMÁTICAS | Calcula mentalmente 234,56x100 | 23456 |
| 45 | DEPORTES | Con cal destas probas podemos coñecer o nivel de resistencia aeróbica dunha persoa? | A) Test de Cooper ; b) Test de Bosco; c) Análise de sangue; d) Test de Abalakov |
| 46 | GALIZA | Eduardo Barreiros foi un enxeñeiro e empresario ourensán que fundou unha empresa co seu nome relacionada con...: | a) Xoguetería; b) Deseño téxtil; c) Conservas; D) AUTOMOCIÓN |
| 47 | XEOGRAFÍA | Actualmente, as fontes de enerxía empregadas na industria son divididas en dous grandes grupos cales son: | ENERXIAS NON RENOVABEIS E ENERXIAS RENOVABEIS |
| 48 | GALEGO | Cales son as tres principais figuras do Rexurdimento? | ROSALÍA, PONDAL E CURROS |
| 49 | CC. NATURAIS | ¿Cales son os elementos a estudar dunha falla? | Labios, plano de falla e salto de falla |
| 50 | GALIZA | Que zonas de Galiza son as máis abundantes en petróglifos? | a) As praias de Lugo; B) RIAS BAIXAS E TERRA DE MONTES ; c) O norte de Ourense e a Terra Chá; d) As illas Sisargas |
| 51 | MATEMÁTICAS | Comproba se as seguintes parellas de fraccións son equivalentes 1/3 e 3/9 | Si, 1x9=9 e 3x3=9 |
| 52 | DEPORTES | Cal destas calidades físicas pode ser traballada sistematicamente desde idades temperás? | A) Forza Máxima; B) Resistencia Láctica; c) Flexibilidade ; d) Resistencia á velocidade |
| 53 | GALIZA | Cal dos seguintes títulos non pertence á obra de Castelao: | a) Retrincos; b) Cousas; c) Os dous de sempre; D) LONGA NOITE DE PEDRA |
| 54 | XEOGRAFÍA | Que tipo de "produtos" se xeran no sector terciario? | SERVIZOS |
| 55 | GALEGO | Acentúa a seguinte oración | Pola PÓLA vai a pola |
| 56 | CC. NATURAIS | ¿Cales son os dous tipos fundamentais de fallas que existen? | Fosas tectónicas e macizos tectónicos |
| 57 | GALIZA | Que nome recibe a cultura prerromana desenvolvida en Galiza e norte de Portugal entre os s.VII a.d.C e o II d.d.C? | a) Cultura Celta; B) CULTURA CASTREXA ; c) Cultura Campaniforme; d) Cultura Bárbara |
| 58 | MATEMÁTICAS | Expresa o resultado coma unha soa potencia (3 ² x3 ⁵) ² | (3 ² x3 ⁵) ² =3 ²⁺⁵ 2=3 ¹⁴ |
| 59 | DEPORTES | O aparato locomotor está formado por: | a) ósos, músculos, tendóns e ligamentos ; b) Sólo o forma a musculatura; c) ósos, fibras e cartilagos; d) Nervios, músculos e osos |
| 60 | GALIZA | Cal é o nome completo de Castelao? | A) ALFONSO DANIEL ; b) Daniel Rodrigo; c) Celso Emilio; d) Daniel Alexandre |
| 61 | XEOGRAFÍA | Que nome reciben os impostos que deben pagar os produtos importados ao atravesar a aduana dun país? | ARANCEIS |
| 62 | GALEGO | Os adxectivos cualificativos divídense en dúas clases: cales son? | A) epítetos e posesivos; B) epítetos e numerais; c) EXPLICATIVOS OU EPÍTETOS E ESPECIFICATIVOS ; d) epicenos e epítetos |
| 63 | CC. NATURAIS | Completa a seguinte afirmación: OS MINERAIS AGRÚPANSE FORMANDO -----QUE, A DIFERENCIA DESTES NON POSÚEN UNHA COMPOSICIÓN HOMOXÉNEA | ROCHAS |
| 64 | GALIZA | Como se chama a parte central e máis elevada e fortificada dun castro? | Croa |
| 65 | MATEMÁTICAS | Expresa a equivalencia do radical ¹¹ √3 | ¹¹ √3; x ¹¹ =3 |
| 66 | DEPORTES | É certo que os ósos conteñen auga? | A) Si ; b) Non; Só nos dos rapaces en crecemento; d) Só cando teñen cartilago |
| 67 | GALIZA | Na antigüidade, practicábanse ritos relacionados coa morte en lugares considerados "fins do mundo". Cal destes lugares non era considerado un "fin do mundo"? | a) Fisterra; b) San Andrés de Teixido; c) O monte Facho; D) A PRAIA DE SAMIL |
| 68 | XEOGRAFÍA | Que nome recibe a ciencia que estuda os seres vivos e o medio no que viven? | ECOLOXÍA |
| 69 | GALEGO | Que significado ten a expresión "Ghastas pista, nena/o?" | É unha invitación a bailar |
| 70 | CC. NATURAIS | Que criterio se sigue para clasificar as distintas clases de rochas de orixe orgánica en Calizas organóxenas, silíceas, fosfatadas, carbóns e hidrocarburos? | segundo a súa natureza química |
| 71 | GALIZA | Segundo a tradición popular, moitos dos xacementos arqueolóxicos estaban habitados por unha raza de seres misteriosos e máxicos que gardaban os seus tesouros. Cal era o seu nome? | Os mouros, a Mourindade |
| 72 | MATEMÁTICAS | Nunha división de polinomios: | a) O polinomio dividendo, o divisor, o cociente e o resto teñen o mesmo grao b) O polinomio dividendo é de grao menor ca o polinomio divisor |
| 73 | DEPORTES | Onde se atopan os ligamentos e cal é a súa función? | A) Unindo ósos, nas articulacións ; b) Recubriendo os músculos; c) Só temos ligamentos no xeonllo e no nocello; d) Ningunha é verdadeira |
| 74 | GALIZA | Con que nome se coñecen aos tres labregos mortos nunha protesta antiforal en Guillarei (Tui) no ano 1922? | Os mártires de Sobreiro |
| 75 | XEOGRAFÍA | Que nome reciben as relacións establecidas entre os seres vivos e o medio no que se desenvolven? | ECOSISTEMA |
| 76 | GALEGO | Qué significa a expresión "Chóvelle na cabeza". | a) ESTAR TOLO ; b) estar triste; c) Non ter fogar; d) Ter caspa |
| 77 | CC. NATURAIS | ¿Cal é o nome que recibe o conxunto de procesos que producen a transformación dos sedimentos soltos en rocas sedimentarias? | Diagénese |
| 78 | GALIZA | En que día se considera popularmente, que se poden comezar as matanzas do porco? | En San Martiño, o 11 de novembro |
| 79 | MATEMÁTICAS | ¿É esta fórmula correcta? CADRADO DUNHA SUMA (a+b) ² =a ² +b ² +2ab | VERDADEIRO |
| 80 | DEPORTES | Cando se fai exercicio, a nosa respiración.....: | a) Vólvese máis frecuente e profunda ; b) Faise máis lenta; c) Non varía en absoluto; d) faise só pola boca |
| 81 | GALIZA | Que famoso pirata atacou as costas galegas no século XVI? | a) Barbanegra; b) Patapau; c) Jack Sparrow; D) FRANCIS DRAKE |
| 82 | XEOGRAFÍA | Que nome recibe o quecemento progresivo do planeta producido polo aumento das emisións de CO2 á atmosfera? | EFECTO INVERNADOIRO |
| 83 | GALEGO | Escribe con letras o seguinte número: "28" : | "vinte e oito" |
| 84 | CC. NATURAIS | ¿É o carbón un tipo de rocha de orixe orgánica? | Si |

| | | | |
|-----|--------------|--|--|
| 85 | GALIZA | Que postre doce se fai a partires do sangue do porco? | As filloas |
| 86 | MATEMÁTICAS | Verdadeiro ou Falso: "Dúas ecuacións que teñen as mesmas solucións denomínanse ecuacións equivalentes" | VERDADEIRO |
| 87 | DEPORTES | Cando se fai exercicio, as pulsacións cardíacas....: | a) Non hai diferenza respecto ao repouso; b) Desvarían; c) Diminúen; d) Aumentan |
| 88 | GALIZA | Ante os ataques piratas do século XVI, na Coruña alzouse como defensora unha muller coñecida como....: | A) MARÍA PITA ; b) Pepa a Loba; c) Xoana de Arco; d) María Castaña |
| 89 | XEOGRAFÍA | As acumulacións de NO ₂ nas capas baixas da atmosfera, producidas polas industrias e centrais térmicas provocan un impacto ambiental coñecido como: | CHUVIA ÁCIDA |
| 90 | GALEGO | Indica a palabra que significa "Franxa de terreo á beira dun río, lago ou mar": | a) Devesa; b) Veiga; c) Fraga; d) RIBEIRA |
| 91 | CC. NATURAIS | Cita os tres tipos de metamorfismo | Dinamometamorfismo, termometamorfismo e termodinamometamorfismo. |
| 92 | GALIZA | Que nome recibe a cabeza do porco despois de ser despezado? | Cacheira ou cachucha |
| 93 | MATEMÁTICAS | Cal das seguintes expresións é unha identidade? | a) $3x-7=14$ b) $3(x-5)=2x+8$ c) $2x+6=90-x$ d) $2(x-10)=2x-20$ |
| 94 | DEPORTES | As capacidades físicas básicas son: | a) Talla, Peso e Envergadura; b) Resistencia, Forza, Flexibilidade e Velocidade ; c) Técnica, Táctica e Física; d) Equilibrio, Ritmo e Coordinación |
| 95 | GALIZA | De que época era o pensador Frei Martín Sarmiento? | A) DA ILUSTRACIÓN ; b) da Idade Media; c) Da época romana; d) Do Rexurdimento |
| 96 | XEOGRAFÍA | Que impacto produce na atmosfera a emisión de certos gases (CFCs) presentes en aerosois, refrixeradores, extintores? | A EXPANSIÓN DO BURATO DA CAPA DE OZONO |
| 97 | GALEGO | Quen escribiu as "Cantigas de Santa María" na época medieval? | A) San Martiño Dumense; b) Martín Codax; c) ALFONSO X "O SABIO" ; d) Bernal de Bonaval |
| 98 | CC. NATURAIS | ¿Foi o Taj Mahal construído completamente con mármore? | SÍ |
| 99 | GALIZA | Que nome dun órgano corporal recibe un postre típico do Antroido? | As orellas |
| 100 | MATEMÁTICAS | Clasifica o seguinte número en racional ou irracional 4,3303003000... | É irracional; non hai ningún grupo racional que se repita |
| 101 | DEPORTES | O nivel de flexibilidade dunha persoa...: | a) Aumenta coa idade; b) Diminúe coa idade ; c) Mantense constante desde o nacemento; d) Aumenta a partir dos 65 anos |
| 102 | GALIZA | Cal destes personaxes non pertence ao tempo da Ilustración? | a) Padre Feijoo; b) Martín Sarmiento; c) Cornide Saavedra; D) MANUEL MURGUÍA |
| 103 | XEOGRAFÍA | Que país desenvolvido é o responsable do 25% das emisións mundiais de gases contaminantes? | ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA |
| 104 | GALEGO | Cal é a 1ª persoa do plural do Infinitivo Conxugado de "Calar": | CALARMOS |
| 105 | CC. NATURAIS | Verdadeiro ou Falso: As costas de fiordos son habituais nos climas tropicais | FALSO |
| 106 | GALIZA | Que nome teñen as personaxes propios do Entroido de Laza e Verín? | Cigarróns e Peliqueiros |
| 107 | MATEMÁTICAS | Expressa o seguinte número en notación científica 3.220.000 | $3,22 \times 10^6$ |
| 108 | DEPORTES | Coa práctica de actividades aeróbicas suaves (correr, bici, nadar...), o corazón....: | a) Sofre un montón; b) Mellora o seu rendemento e eficiencia ; c) Deteriorase inexorablemente; d) Só mellora o rendemento se eres deportista |
| 109 | GALIZA | Cal era o nome do gremio de pescadores de Pontevedra na Idade Media? | A) OS MAREANTES ; b) Os Zapateiros; c) Os moirantes; d) Os Canasteiros |
| 110 | XEOGRAFÍA | En que ano se celebrou o Cumio de Kyoto? | A) 1997 ; b) 2001; c) 1990; d) 2005 |
| 111 | GALEGO | Cal é o nome da árbore que dá noces? | NOGUEIRA |
| 112 | CC. NATURAIS | Segundo os movementos epiroxénicos a costa Galega pode denominarse costa afundida? | Sí, posto que o mar invade o val. |
| 113 | GALIZA | Segundo as crenzas populares, que nome recibe a procesión de mortos que andan polos camiños ao anoitecer? | o Acompañamento ou (Santa) Compañía |
| 114 | MATEMÁTICAS | ¿ Como é o seguinte sistema? $X+3y=5$ $2x+6y=9$ | a) Compatible b) Incompatible c) Equivalente d) Imposible |
| 115 | DEPORTES | Como inflúe o exercicio nos ósos? | A) Non ten ningunha influencia; b) Retrasa a formación do tecido óseo; c) Favorece a osteoporose; d) Incrementa a calcificación |
| 116 | GALIZA | Que arte empregaban os gremios de pescadores de Pontevedra na Idade Media? | a) Palangre; B) CERCO REAL ; c) Arrastre; d) Nasas |
| 117 | XEOGRAFÍA | Que nome recibe o proceso de cambio económico e social iniciado en Inglaterra a partir de 1760, e que propiciou o éxodo masivo do rural á cidade? | REVOLUCIÓN INDUSTRIAL |
| 118 | GALEGO | Cal é o froito da nespereira? | NÉSPERO |
| 119 | CC. NATURAIS | Verdadeiro ou Falso: Os seres vivos están feitos dos mesmos elementos químicos que o medio que os rodea | VERDADEIRO |
| 120 | GALIZA | Como se chama a personaxe fantástica que nas noites de lúa chea se transforma nun lobo? | Lobishome |
| 121 | MATEMÁTICAS | Na proporción $3/2=18/x$, o valor do x é | a) 10 b) 12 c) 11 d) 4 |
| 122 | DEPORTES | Como se chama o elemento que une os músculos cos ósos? | A) Non hai elementos de unión; b) Os tendóns ; c) Os ligamentos; d) Os cartílagos |
| 123 | GALIZA | De onde proviñan os coñecidos coma os "fomentadores", que instalaron conserveiras nas nosas costas a partires do século XVII? | a) Andalucía; b) Canarias; C) CATALUÑA ; d) Murcia |
| 124 | XEOGRAFÍA | Tendo en conta a actividade económica, a poboación divídese en dous grupos, cales son? | POBOACIÓN ACTIVA E POBOACIÓN INACTIVA |

| | | | |
|-----|--------------|--|--|
| 125 | GALEGO | Cal é o froito que da a cerdeira? | CEREIXA |
| 126 | CC. NATURAIS | ¿ Que nome reciben os elementos químicos máis abundantes nos seres vivos? | Bioelementos |
| 127 | GALIZA | Cal destes nomes non fai referencia ao Acompañamento: | A) A RAIÑA LUPA ; b) As da noite; c) A Antaruxada; d) A Estadea |
| 128 | MATEMÁTICAS | O 0,78 por 1 é equivalente a: | a) 78% b) 7,8% c) 0,78% d) 7 de cada 8 |
| 129 | DEPORTES | Que tipo de tecido muscular ten o aparato locomotor?: |) Estriado ; b) Liso; c) Cardíaco; d) Todo o tecido muscular é igual |
| 130 | GALIZA | Cal destes nomes non é o dun tipo de embarcación tradicional en Galicia? | a) Doma; b) Gamela; c) Falucho; D) CHIMPIN |
| 131 | XEOGRAFÍA | Un/ha amo/a de casa, forma parte da poboación activa? | NON |
| 132 | GALEGO | Como se chama a árbore que dá landras? | CARBALLO |
| 133 | CC. NATURAIS | Cal destes non é un bioelemento? Carbono, hidróxeno, osíxeno, polonio | Polonio |
| 134 | GALIZA | Segundo a tradición, o Acompañamento vai encabezado por un home vivo que transporta uns obxectos, cales son? | a) Un candil e un cepillo de dentes; B) UNHA CRUZ E UN CALDEIRO DE AUGA BENDITA ; c) Un peite e unha campá; d) Unha gaita e un crucifixo |
| 135 | MATEMÁTICAS | Resolve $x^2=81$; | $x= \pm 9$ |
| 136 | DEPORTES | Os tipos de "Resistencia" son: | a) Rápida e mantida.; b) Aeróbica e antiaeróbica; c) Aeróbica e anaeróbica ; d) De velocidade e de resistencia |
| 137 | GALIZA | Que nome recibe as mulleres que traballan tecendo e arraxando as redes dos mariñeiros? | a) Fiandeiras; B) REDEIRAS ; c) Tecedeiras; d) Palilleiras |
| 138 | XEOGRAFÍA | Unha persoa no paro, forma parte da poboación activa? | SI |
| 139 | GALEGO | Cal é o xentilicio (masculino e feminino) dos habitantes de Ourense: | OURENSÁN / OURENSÁ |
| 140 | CC. NATURAIS | ¿Para que hormona é necesario que o iodo faça a síntese? | Para a hormona tiroidea |
| 141 | GALIZA | Que nome reciben as construcións populares situadas nas encrucilladas, camiños, estradas... e cuxa finalidade é que os vivos poidan ofrecer esmolas para a salvación das almas en pena que non encontran descanso no purgatorio? | Petos de ánimas |
| 142 | MATEMÁTICAS | Exprésase como unha soa potencia: $2^3 \times 2^5 \times 2^7$ | $2^3 \times 2^5 \times 2^7 = 2^{3+5+7} = 2^{15}$ |
| 143 | DEPORTES | Definición de "Forza", como capacidade física: | a) Capacidade do músculo para realizar traballos; b) Só hai forza cando hai movemento dos segmentos corporais; c) Capacidade de vencer unha resistencia exterior ou afrontala, mediante un esforzo muscular ; d) Capacidade de erguer un peso elevado |
| 144 | GALIZA | Quen era María Soliño? | A) UNHA BRUXA AXUSTIZADA POLA INQUISICIÓN b) Unha escritora do Rexurdimento; c) A primeira capitana dun barco pesqueiro; d) A primeira futbolista feminina |
| 145 | XEOGRAFÍA | Que se entende por poboación inactiva? | AQUELA QUE NON EXERCE UN TRABALLO REMUNERADO |
| 146 | GALEGO | Fai o plural das seguintes palabras: "O paporrubio": | "OS PAPORRUBIOS" |
| 147 | CC. NATURAIS | Define cromosomas | Son os portadores da mensaxe xenética. |
| 148 | GALIZA | Como se chamaban as cruces de pedra que se constrúen nas encrucilladas dos camiños e están relacionados coas crezas relixiosas? | Cruceiro |
| 149 | MATEMÁTICAS | Resolve a seguinte ecuación $6x-7=2x+5$ | $6x-7=2x+5; 6x-2x=5+7; 4x=12; x=12/4; x=3$ |
| 150 | DEPORTES | A forza acada o seu máximo desenvolvemento....: | a) Arredor dos trinta anos ; b) Dos 15 aos 18 anos; c) Sempre aumenta ao longo da vida; d) en dous meses de adestramento |
| 151 | GALIZA | Que pobo atacou Cangas no ano 1617? | a) Os vikings; b) Os ingleses; C) OS TURCOS ; d) Os franceses |
| 152 | XEOGRAFÍA | Dentro da poboación activa podemos facer dous grupos, cales son? | OCUPADOS E PARADOS |
| 153 | GALEGO | Fai o plural das seguintes palabras: "O porco bravo": | OS PORCOS BRAVOS |
| 154 | CC. NATURAIS | ¿Cal é o componente principal da substancia intercelular? | O plasma intersticial |
| 155 | GALIZA | A introdución no século XVII do millo, trouxo como consecuencia unha época de abundancia, e a aparición dun tipo de construción para o seu secado e almacenamento. Como se chama dita construción? | Horreo, cabaceiro ou canastro |
| 156 | MATEMÁTICAS | Calcula mentalmente o valor do x para $3x=21$ | $x=7$ |
| 157 | DEPORTES | Que é a Coordinación? | A) O traballo producido no interior dos músculos; b) É o control neuromuscular do acto motor ; c) É o control dos aparatos ; d) É o control automático dos actos reflexos |
| 158 | GALIZA | Que célebre batalla naval se librou no ano 1702 nas Rías Baixas? | A batalla de Rande |
| 159 | XEOGRAFÍA | Que se entende por "desenvolvemento sostible"? | BUSCA DO EQUILIBRIO ENTRE O CRECEMENTO ECONÓMICO E OS RECURSOS NATURAIS |
| 160 | GALEGO | Pon en masculino: "A nora": | O XENRO |
| 161 | CC. NATURAIS | VERDADEIRO OU FALSO:As reaccións catabólicas producen enerxía e as anabólicas a consumen. | VERDADEIRO |
| 162 | GALIZA | Como se chamaban as dúas pedras do muíño que trituran o gran mediante o xiro dunha sobre a outra? | Moa e pé |
| 163 | MATEMÁTICAS | Calcula mentalmente o valor do x para $7x=42$ | $x=6$ |
| 164 | DEPORTES | Qué efecto queremos conseguir no aparato respiratorio co quecemento? | A) Aumentar o número e a amplitude das respiracións ; b) Facer os pulmóns máis grandes e flexibles; c) Impedir que nos dea tos; d) Ningún, o quecemento é só para os músculos |
| 165 | GALIZA | Que dous bandos combateron na batalla de Rande? | As forzas inglesas contra as forzas franco-españolas |
| 166 | XEOGRAFÍA | Que nome recibe o valor da produción das empresas dun país ao longo dun ano? | (PNB) Produto Nacional Bruto |

| | | | |
|-----|--------------|---|---|
| 167 | GALEGO | Pon en masculino: "A ovella": | O CARNEIRO |
| 168 | CC. NATURAIS | VERDADEIRO OU FALSO: os melanocitos fórmanse principalmente na derme constituindo a pigmentación da pel? | VERDADEIRO |
| 169 | GALIZA | Que nome recibe un tipo de construción circular ou elíptica, que se conserva nos Ancares, similar aos antigos castros, realizada en pedra, madeira e palla de centeo (colmo), destinada a vivenda, corte e almacén? | Palloza |
| 170 | MATEMÁTICAS | Dado: x+y=5 x-y=1, é certo que x=3 e y=2? | Si, 3+2=5 e 3-2=1 |
| 171 | DEPORTES | Qué número de pulsaciones por minuto, en reposo, son normais en persoas adultas? | A) de 50 a 70 ; b) Máis de 100; c) Menos de 50; d) De 10 a 15 |
| 172 | GALIZA | En cal das súas obras o escritor Xulio Verne fai referencias á batalla e tesouros de Rande? | 20.000 leguas de viaxe submarina |
| 173 | XEOGRAFÍA | Que é a renda per cápita dun país? | Os ingresos medios por persoa dun país |
| 174 | GALEGO | Pon en feminino: "O xuíz": | A XUIZA |
| 175 | CC. NATURAIS | ¿Cantas PARES DE DORSAIS temos os humanos? | 12 |
| 176 | GALIZA | Que antigo oficio artesanal de Galiza dispuña da súa propia xerxa, chamada "verba dos arxinas"? | Os canteiros |
| 177 | MATEMÁTICAS | Resolve a seguinte ecuación $3x^2=75$ | $3x^2=75$; $x^2=75/3$; $x^2=25$; $x=\sqrt{25}$; $x=+5$ |
| 178 | DEPORTES | Nunha dieta equilibrada, as proteínas deberían proporcionar das calorías totais: | a) 60%; b) 40%; c) 15% ; d) A maior cantidade posible |
| 179 | GALIZA | Cal era o nome dun dos galeóns máis importantes afundidos en Rande? | A) SANTO CRISTO DE MARACAIBO ; b) Santa María; c) A Pinta; d) A Perla Negra |
| 180 | XEOGRAFÍA | Os ríos máis importantes de Galiza, a que vertente pertencen? | A VERTENTE ATLANTICA |
| 181 | GALEGO | Pon en feminino: "O rei": | A RAÍÑA |
| 182 | CC. NATURAIS | ¿ Que nome reciben as principais células do tecido nervioso? | Neuronas |
| 183 | GALIZA | Cal era o nome da linguaxe especial empregada polos afiadores ambulantes ourensáns? | A) O BARALLETE ; b) O birrete; c) O carallete; d) A verba |
| 184 | MATEMÁTICAS | Resolve mentalmente $3x=81$ | $x=27$ |
| 185 | DEPORTES | No balonmán, permítese dar un máximo de pasos antes de botar o balón: | a) 3 ; b) 2 ; c) 4 ; d) 5 |
| 186 | GALIZA | Cal foi o petroleiro que no ano 2003 provocou a maior marea negra da historia de Galicia? | a) Privilege; b) Erika; c) President ; D) PRESTIGE |
| 187 | XEOGRAFÍA | Cal é a montaña máis alta de Galiza? | Pena Trevinca |
| 188 | GALEGO | Que é unha "curuxa"?: | a) Ave insectívora que desprende un cheiro desagradable; b) AVE RAPAZ NOCTURNA CUN CANTO QUE SE CONSIDERA PRESAXIO DA MORTE ; c) Ave de rapina, diúrna, propia da cordilleira andina |
| 189 | CC. NATURAIS | ¿É certo que as neuronas están especializadas na transmisión de correntes nerviosas? | Si |
| 190 | GALIZA | Como se chama o libro escrito no ano 1140 como guía do camiño de Santiago, considerada a primeira guía turística de Galicia? | Codex Calixtinus |
| 191 | MATEMÁTICAS | Atopa o seguinte termo da progresión 16,8,4, | 2 |
| 192 | DEPORTES | No balonmán, o balón pode ser de novo botado se, namentras, tocou.....: | a) a área de portería ; b) Outro xogador ou a portería ; c) O árbitro d) O pé do contrario |
| 193 | GALIZA | Cal destes petroleiros non provocou unha marea negra en Galiza? | A) Mar Egeo; b) Prestige; C) EXXON VALDEZ ; d) Polycommander |
| 194 | XEOGRAFÍA | A que serra pertence Pena Trevinca? | A) SERRA DO EIXE ; b) Montes do Testeiro; c) Serra do Faro; d) Serra do Xistral |
| 195 | GALEGO | Cal é o significado da frase "Xa oíu cantar máis de catro cucos"?: | a) TER MOITOS ANOS E EXPERIENCIA ; b) Erguerse moi cedo; c) Casar varias veces; d) Ter varios fillos |
| 196 | CC. NATURAIS | Cales son os Compoñentes sólidos do sangue? | glóbulos vermello, glóbulos brancos e plaquetas |
| 197 | GALIZA | Que nome recibe o enorme incensario que se atopa na catedral de Santiago? | Botafumeiro |
| 198 | MATEMÁTICAS | A suma dos cen primeiros múltiplos de 6 é | a)60.600 b)30.300 c)600 d)303 |
| 199 | DEPORTES | No balonmán, considérase que hai un gol cando | a) O balón toca a rede; b) O balón rebasa ao porteiro e chega á liña de gol; c) Cando o balón rebasa totalmente a liña de gol ; d) Ningunha das anteriores é verdadeira |
| 200 | GALIZA | Cales dos seguintes monumentos non forman parte do patrimonio histórico Galego: | a) a Torre de Hércules; b) a muralla de Lugo; C) A CIDADE DOS PEQUENINOS ; d) a catedral de Santiago de Compostela |
| 201 | XEOGRAFÍA | Cal destas serras non forma parte das Serras orientais: | a) S. do Eixe; b) S. dos Ancares; c) S. DA FALADOIRA ; d) S. Courel |
| 202 | GALEGO | Que significa "bafexar": | a) Irritar, alporizar; b) RESPIRAR FRECUENTE E FATIGOSAMENTE ; c) Axotar, facer fuxir; d) Berrar cun alto volume |
| 203 | CC. NATURAIS | ¿ Cal é o nome das células que conteñen os factores necesarios para a coagulación? | Plaquetas |
| 204 | GALIZA | Que nome reciben as persoas encargadas de facer funcionar o botafumeiro? | Tiraboleiros |
| 205 | MATEMÁTICAS | Un opositor adica 40 horas semanais a estudar, se adica 3/8 a facer problemas...., cantas horas estará facendo problemas? | $3/8 \times 40 = 120/80 = 15$ horas |
| 206 | DEPORTES | No balonmán, un gol non é válido, se os árbitros ou o cronómetro interrompen o xogo.....de que o balón traspase a liña de portería: | a) Durante ; b) Antes ; c) Despois; d) En ningún caso |
| 207 | GALIZA | Con que cultura chegou a Galiza o cristianismo: | a) Os suevos; B) OS ROMANOS ; c) Os visigodos; d) Os gregos. |
| 208 | XEOGRAFÍA | Cal é o único Parque Nacional que existe en Galiza? | O PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS |

| | | | |
|-----|--------------|---|---|
| 209 | GALEGO | Cales son as tres partes fundamentais dun relato?: | PRESENTACIÓN, NÓ E DESENLACE |
| 210 | CC. NATURAIS | Cita os tres tipos de nervios espiñais | Motores, sensitivos e mixtos |
| 211 | GALIZA | Que animal mariño representa aos peregrinos a Santiago, formando parte da súa indumentaria? | A vieira |
| 212 | MATEMÁTICAS | ¿Qué tres números consecutivos suman 21? | 6+7+8=21 |
| 213 | DEPORTES | No balonmán, o saque de centro execútase desde o centro do terreo cara...: | a) a dereita; b) a esquerda; c) Calquera dirección ; d) O centro |
| 214 | GALIZA | En que século comeza a peregrinación polo Camiño de Santiago: | A) NO SÉCULO IX ; b) finais do século VII e principios do VIII; c) no século XII; d) no século XI |
| 215 | XEOGRAFÍA | Que arquipélago non forma parte do Parque Nacional Illas Atlánticas: | a)Cíes; B)Ons; C) Sálvora; D) SAN SIMÓN |
| 216 | GALEGO | Sabes cal é o recurso literario polo que se asociaban sensacións percibidas por distintos sentidos? | A) SINESTESIA ; b) sincinesia c) anestesia; d) amnesia |
| 217 | CC. NATURAIS | ¿Que fai unha neurona en repouso? | Non transmitir ningún tipo de impulso |
| 218 | GALIZA | Quen foi Prisciliano? | A) UN BISPO AXUSTICIADO NO S.IV. POR SER FUNDADOR DUNHA CORRENTE HERÉTICA CRISTIÁ ; b) Un xogador do Celta durante os anos 1945-60; c) Un humorista, escritor de chistes nos xornais; d) O primeiro reitor da Universidade de Santiago |
| 219 | MATEMÁTICAS | Segundo a medida dos seus ángulos, os triángulos clasifícanse en: | Acutángulos, rectángulos e obtusángulos |
| 220 | DEPORTES | No balonmán, no comportamento co contrario permítese...: | a) Agarrar ou golpear o balón que ten un contrario; b)Empurrar, correr ou lanzarse sobre un contrario; c) Obstruír ou poñer en perigo ao contrario (con ou sen balón); d) Contactar co contrario usando o tronco, estando fronte a el e cos brazos dobrados |
